## MRS STEVENS HEARS THE MERMAIDS SINGING

FICHA ARTÍSTICA
**Lucy Brightman, Harley Kaplan, Patrick Richwood, Susan Bonowitz, Emanueal Buckley, George Caleodis, Carla Carpenter, Bryan K. Davis**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Linda Thornburg**

DATOS TÉCNICOS
Ano **2004**, País **USA**, Xénero **Drama, romance**

SINOPSE
Este filme percorre 75 anos na vida da poetisa May Sarton, que ganou notoriedade nos seus primeiros anos por unha novela sobre unha relación de amor lesbiano. Nos 80, os resentimentos da señora Stevens provocan o interese dunha nova xeración de lectores, e é visitada por dous entrevistadores. A través de flashbacks, ela diríxeos por aqueles axitados anos, a era de McCarthy e as numerosas amantes femininas que inspiraron o corpo prolífico da súa poesía.




## MIRACLE
(O MILAGRE)

FICHA ARTÍSTICA
Herb Brooks **Kurt Russell** Patty Brooks **Patricia Clarkson** Craig Patrick **Noah Emmerich** Walter Bush **Sean McCann** Jack O'Callahan **Michael Mantenuto** Doc Nagobads **Kenneth Wells** Jim Craig **Eddie Cahill** Mike Eruzione **Patrick O'Brien Demsey** Jack O'Callahan **Michael Mantenuto** Robbie McClanahan **Nathan West** Mark Johnson **Eric Peter-Kaiser**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Gavin O'Connor** Guión **Eric Guggenheim** Produción **Mark Ciardi** e **Gordon Gray** Música **Mark Isham** Fotografía **Daniel Stoloff** Montaxe **John Gilroy** Deseño da produción **John Willett** Dirección artística **Ross Dempster** Vestiario **Tom Bronson**

DATOS TÉCNICOS
País **USA** Ano **2004** Duración **135 min** Xénero **Drama deportivo**

SINOPSE
Miracle é a fabulosa historia dun equipo que superou os límites do deporte e conseguiu unir unha nación e devolverlle a esperanza. Esta película está inspirada na historia real dun dos momentos máis grandes da historia moderna e reflicte unha época e un lugar nos que as diferenzas se podían resolver en competicións e a guerra fría se podía librar sobre unha pista de xeo. En 1980, o adestrador da selección de hóckey sobre xeo de Estados Unidos, Herb



Brooks (Kurt Russell), levou un grupo de mocosos universitarios aos Xogos Olímpicos para se enfrontaren coa todopoderosa selección da Unión Soviética. Había unha diferenza enorme entrambas as seleccións, pero a de Estados Unidos estaba imbuída do orgullo dunha nación que estaba desexando distraerse da situación que se vivía no mundo naquela época. Co mundo enteiro observando, o equipo soubo estar á altura e lanzou a pregunta que o agora famoso locutor Al Michaels lles fixo aos millóns de espectadores que ían ver o partido desde a casa: «Cren nos milagres? Si!»

## COSTA BRAVA
(FAMILY ALBUM)

FICHA ARTÍSTICA
**Marta Balletbó-Coll, Desi del Valle, Montserrat Gausachs, Josep Maria Brugués, Ramon Mari, Sergi Schaaff**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Marta Balletbó-Coll** Guión **Marta Balletbó-Coll** e **Ana Simón Cerezo** Música **Emili Remolins** Fotografía **Teo López García** Produción **Marta Balletbó-Coll**

DATOS TÉCNICOS
Título orixinal **Costa Brava (Family Album)** Ano **1995** Duración **96 min** Xénero **Comedia**

SINOPSE
Anna é unha guía turística de Barcelona con vocación de actriz, que se emprega a fondo nos ensaios dun monólogo cómico. Mais este proceso queda interrompido cando coñece a Montserrat.



## BEAUTIFUL BOXER

FICHA ARTÍSTICA
Nong Toom **Asanee Suwan** Pi Chart **Sorapong Chatree** Nai de Nong **Orn-Anong Panyawong** Kyoko **Kyoko Inoue** Nat **Sitiporn Niyom** Fan **Yuka Hyodo** Jack **Keagan Kang** Pai de Nong **Nukkid Boonthong**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Ekachai Uekrongtham** Guión **Ekachai Uekrongtham** e **Desmond Sim Kim Jin** Produción **Ekachai Uekrongtham** Música **Amornbhong Methakunbudh** Fotografía **Choochart Nantitanyatada** Montaxe **Dusanee Puinongpho** Deseño da produción **Nopphadol Arkart** Vestiario **Tasakorn Tragulpadetkrai**

DATOS TÉCNICOS
País **Thailandia** Ano **2004** Duración **118 min** Xénero **Drama, acción**

SINOPSE
Baseada na historia real do famoso boxeador tailandés de kickboxing travestido, Beautiful boxer é un conmovedor drama de acción que profunda no corazón e mais na mente dun rapaz que loita coma un home para se converter nunha muller. Crendo que é unha rapaza atrapada nun corpo de rapaz desde que era un meniño, Parinya Charoenphol (familiarmente coñecido como Nong Toom en Thailandia) proponse dominar o deporte máis masculino e letal: Muay Thai (*kickboxing* tailandés) para ganar a vida e para conseguir o seu obxectivo final de feminidade total. Conmovedora, divertida, con impresionantes escenas de *kickboxing* tailandés, *Beautiful boxer* describe a infancia de Nong Toom, a súa vida adolescente como monxe viaxeiro, os seus penosos días nos campamentos de boxeo e explosivos combates onde vence a maioría dos opoñentes en toda Thailandia e Xapón.

## BEAUTIFUL THING

FICHA ARTÍSTICA
**Glen Berry, Linda Henry, Scott Neal, Tameka Empson, Ben Daniel, John Savage**

FICHA TÉCNICA
Dirección Hettie MacDonald, Guión **Jonathan Harvey** (teatro: **Jonathan Harvey)** Música **John Altman** Fotografía **Chris Seager**

DATOS TÉCNICOS
Título orixinal **Beautiful Thing** Ano **1995** Duración **89 min** Xénero **Comedia** Produtora **Channel Four Films / World Productions**

SINOPSE
Un longo e caloroso verán en Thamesmead, ao sur de Londres. Jamie Cangel está faltando á escola máis do normal e escapúlese tras o televisor do apartamento onde vive con Sandra, a súa nai. Na porta que está a carón vive Leah que, despois de que a expulsaran do instituto, pasa o día escoitando os discos de Mama Cass.



## BREAKFAST ON PLUTO
(ALMORZO EN PLUTÓN)

FICHA ARTÍSTICA
Patrick «Kitten» Braden **Cillian Murphy** Padre Bernard **Liam Neeson** Charlie **Ruth Negga** Irwin **Laurence Kinlan** Bertie **Stephen Rea** Tío Bulgaria **Brendan Gleeson** Patrick, neno **Connor McEvoy** Billy Hatchet **Gavin Friday** P.C. Wallis **Ian Hart** Eily Bergin **Eva Birthistle** Ma Braden **Ruth McCabe**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Neil Jordan** Guión **Neil Jordan** e **Patrick McCabe**; baseado na novela *Breakfast on Pluto* de **Patrick McCabe** Produción **Alan Moloney, Neil Jordan** e **Stephen Woolley** Fotografía **Declan Quinn** Montaxe **Tony Lawson** Deseño da produción **Tom Conroy** Vestiario **Eimer Ni Mhaoldomhnaigh**

DATOS TÉCNICOS
Países **Irlanda** e **Reino Unido** Ano **2005** Duración **135 min** Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE
Londres, mediados dos 70. Unha fermosa e moderna moza pasea por unha rúa empuxando un carriño. Os albaneis que están nas estadas non paran de lle asubiar, pero ela responde rapidamente cun comentario mordaz; a súa historia, a historia de Patrick «Kitten» Braden (Cillian Murphy), é demasiado forte para o seu gusto. Tyreelin, Irlanda, 1958. Unha aldea irlandesa de postal. Só os madrugadores paxaros



son testemuñas de como unha loura e delgada muller deposita un bebé na porta dunha parroquia e se afasta rapidamente. Semella o sacerdote que abre a porta sorprendido, angustiado, culpable? O padre Bernard (Liam Neeson), como os rexoubeadores paxariños poden testemuñar, non foi o mesmo desde que a loura criada marchou. O orfo é enviado decontado a Ma Braden (Ruth McCabe), que será a súa madrasta. Ma é a dona dun pub e 9 ou 10 anos despois horrorízase cando atopa a Patrick cun vestido da súa media irmá e pintándose co lapis de labios. Coa revelación de que non é a súa nai vén a pregunta, «quen é a miña verdadeira nai?» O pai dun amigo revélalle a Patrick tres cuestións importantes: a súa nai é Eily Bergin (Eva Birthistle), a rapaza máis guapa do lugar, que se parecía á famosa actriz Mitzi Gaynor e que unha vez a viu en Londres. Anos despois as pezas empezan a encaixar cando Patrick, adolescente metido no glam-rock e na maquillaxe, abre coa axuda do vapor unha carta de Ma cun cheque do padre Bernard.

## LOVING ANNABELLE

FICHA ARTÍSTICA
Annabelle **Erin Kelly** Simone Bradley **Diane Gaidry** Lauren **Marla Maples** Kristen **Michelle Horn** Michael **Markus Flanagan** Cat Pegrum **Gustine Fudickar** Madre Emaculata **Ilene Graff** Colins **Laura Breckenridge** Detective **John Farley** Barry **Greg Joelson**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Katherine Brooks** Produción **Jennifer Young e Gregory Carroll** Guión **Katherine Brooks**

DATOS TÉCNICOS
País **EEUU** Duración **90 min** Ano **2006**
Idioma orixinal **Inglés**



SINOPSE
Annabelle é unha nova estudante, nun estrito instituto católico que chama rapidamente a atención das compañeiras e mais das profesoras por numerosos motivos: ten un piercing no nariz, leva símbolos budistas, fuma e ademais ten unha constante inclinación por falar de sexo nas clases de poesía da profesora Simone Bradley, que non sabe como controlala. Con todo, Simone descobre paseniñamente que ese constante desafío de Annabelle se converteu nunha atracción mutua. Annabelle espertou «aquilo» que Simone aprendeu a refrear e vai ter que decidir se escoita o seu corazón e arrisca todo aquilo polo que traballou.

## LE FATE IGNORANTI
(A FADA IGNORANTE)

FICHA ARTÍSTICA
**Margherita Buy, Stefano Accorsi, Serra Yilmaz, Andrea Renzi, Erica Blanc, Rosaria De Cicco, Lucrecia Valia**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Ferzan Ozpetek** Guión **Gianni Romoli** e **Ferzan Ozpetek** Música **Andrea Guerra** Fotografía **Pasquale Mari**

DATOS TÉCNICOS
Título orixinal **Le fate ignoranti** Ano **2000** Duración **110 min** Produtora **R&C Produzioni** Xénero **Drama**

SINOPSE
Antonia e Massimo levan máis de dez anos casados. Viven nunha bonita casa nunha zona residencial das aforas de Roma e son felices. De repente Massimo morre nun accidente de tráfico. Antonia afúndese por completo e coidan dela a súa nai Verónica e a asistenta filipina Nora. Antonia é incapaz de saír do sufrimento.





## THE CRYING GAME
(XOGO DE BÁGOAS)

FICHA ARTÍSTICA
**Adrian Dunbar, Andree Bernard, Birdie Sweeney Breffini McKenna, Brian D. Coleman, Chris Rea, David Crionelly, Forest Whitaker, Jack Carr Jaye Davidson, Jim Broadbent, Joe Savino, Josephine White, Miranda Richardson, Ralph Brown, Ray DeHaan, Shar Campbell, Stephen Rea, Tony Slattery,**

FICHA TÉCNICA
Dirección **Neil Jordan,** Guión **Neil Jordan**

DATOS TÉCNICOS
Título orixinal **The crying game** País **EEUU** Ano **1992** Xénero **Drama**Duración **112 min**

SINOPSE
A organización terrorista IRA secuestra un soldado británico. Durante o confinamento, o prisioneiro faise amigo de Fergus, un dos terroristas, e pídelle que se finalmente o matan vaia ver a súa noiva. Máis tarde, Fergus, fuxindo dos compañeiros, vai ao pub onde traballa Dil, a noiva do soldado británico.

**Mércores 16**

20.30 BEAUTIFUL THING
Hettie MacDonald

22.30 COSTA BRAVA
(FAMILY ALBUM)
Marta Balletbó-Coll

**Xoves 17**

20.30 BEAUTIFUL BOXER
Ekachai Uekrongtham

22:30 LOVING ANNABELLE
Katherine Brooks

**Venres 18**

20.30 LE FATE IGNORANTI
(A FADA IGNORANTE)
Ferzan Ozpetek

22.30 MRS STEVENS HEARS
THE MERMAIDS SINGING
Linda Thornburg

**Sábado 19**

18.00 MIRACLE
(O MILAGRE)
Gavin O'Connor

20.00 THE CRYING GAME
(XOGO DE BÁGOAS)
Neil Jordan
[PROXECCIÓN EN DVD]

22.30 LOVING ANNABELLE
Katherine Brooks

**domingo 20**

18.00 BREAKFAST ON PLUTO
(ALMORZO EN PLUTÓN)
Neil Jordan

20.30 MIRACLE
(O MILAGRE)
Gavin O'Connor
[PROXECCIÓN EN DVD]

22:30 MRS STEVENS HEARS THE
MERMAIDS SINGING
Linda Thornburg

# album de familia

**DO 16 AO 20 DE MAIO**
Aula sociocultural de Caixa Galicia
[Carreira do Conde, 18]

**CICLO DE CINEMA**
**GAY / LÉSBICO / TRANSEXUAL**

Despacho de billetes aberto
a partir das 18,00 horas na
Aula sociocultural de Caixa Galicia
(R/ Carreira do Conde, nº 18).

Prezo da entrada: 3 euros
Abono para 9 películas: 18 euros

Venda de localidades:

Localidades á venda
no teléfono 902 434 443
ou na internet: www.caixagalicia.es

Produce:
CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Cultura

Coa colaboración de:
FUNDACION CAIXAGALICIA

Organizan:
Colectivo Gai de Compostela
boga
Mulleres lésbicas e bisexuais de Galicia